

EXPEDIENTE:	2026/00038510T
PROCEDEMENTO:	Xestión de subvencións nominativas

PROPOSTA DE CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), PARA LEVAR A CABO UN PROXECTO DE ACTIVIDADES PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA ANUALIDADE 2026.

Na Cidade de Santiago, a ____ de _____ de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. María Rozas Pérez, como Primeira tenenta de Alcaldesa, Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Mocidade do Concello de Santiago, en virtude das competencias que lle son recoñecidas polos artigos 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, con CIF nº P1507900G e domicilio social en Praza do Obradoiro, s/n, 15705 de Santiago de Compostela.

E doutra, D. Anxo Antón Queiruga Vila, en calidade de Presidente da Confederación Galega de persoas con discapacidade (COGAMI), con C.I.F. nº G32115941, e con enderezo na rúa Modesto Brocos, nº 7 B, 15704 de Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

1º Que o Concello de Santiago, consciente da importancia da concertación, o diálogo e a colaboración entre administracións e axentes económicos e sociais, para actuar coa máxima eficacia e eficiencia na creación de actividade económica e emprego en Santiago, como un paso máis no esforzo de reducir o desemprego e camiñar no deseño das políticas activas de emprego a implementar na nosa cidade, no obxectivo do pleno emprego, a mellora da calidade e a produtividade do traballo, e o reforzamento da cohesión e a inclusión social.

2º Que o Concello de Santiago de Compostela, a través da Concellaría de Emprego, ten como obxectivo o desenvolvemento e a realización de accións e programas de mellora da empregabilidade da poboación desempregada do termo municipal.

3º Que ao Concello de Santiago parécelle importante a participación das entidades sociais no ámbito da formación e o emprego como elemento clave para apoialas na integración de persoas con discapacidade física e orgánica mediante o emprego protexido.

4º Que a Confederación Galega de persoas con discapacidade (COGAMI) é unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública, entre cuxos fins se encontra a atención de persoas con discapacidade física e orgánica e, concretamente, a realización de proxectos de

inserción socio-laboral, contando con sobrada experiencia no campo da formación e a inserción laboral para colectivos en risco de exclusión social.

5º Que para iso, as entidades asinantes consideran conveniente establecer cauces directos de colaboración e compromiso para o desenvolvemento de itinerarios personalizados de inserción e a promoción do emprego protexido, con vistas a conseguir os obxectivos e dar resposta ás necesidades do mercado de traballo local buscando o fin último de propiciar o desenvolvemento social e económico da Cidade de Santiago.

6º Co obxecto de facer realidade e pór en práctica os obxectivos expostos, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, e de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Finalidade do Convenio de Colaboración

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre o Concello de Santiago e COGAMI para a colaboración na execución do programa experimental de emprego. Co seguinte detalle de actividades:

Servizo de apoio técnico para a inclusión social a persoas e familias en situación de vulnerabilidade. Dentro deste servizo establécense dúas intervencións:

Dunha parte: Intervencións específicas dirixidas á INSERCIÓN SOCIOLABORAL E MELLORA DA EMPREGABILIDADE:

- Atención individualizada de orientación e asesoramento laboral e formativo.
- Taller de capacitación para a procura de emprego.
- Taller de desenvolvemento de competencias para o traballo.
- Intermediación laboral e acompañamento á inserción laboral.

Doutra parte: Intervencións específicas dirixidas ao ADESTRAMENTO EN COMPETENCIAS E HABILIDADES DE AUTONOMÍA PERSOAL E RELACIÓN COAS REDES DE APOIO SOCIAL.

- Taller de habilidades sociais.
- Taller de saúde para desempregados.

O contido específico destas actividades desenvolverase nos seus aspectos concretos e específicos mediante memoria-anexa, na que se establecen: a descrición da actuación, obxectivos, beneficiarios, dotación económica prevista e indicadores de realización e impacto.

SEGUNDA.- Entrada en vigor.

O presente Convenio entrará en vigor, dende a data de sinatura, para todas as partes, e terá vixencia até o 31 de outubro de 2026. Non obstante, consideraranse elixibles os gastos efectuados a partir do 1 de marzo de 2026 e que correspondan coa execución de actividades obxecto do presente convenio.

TERCEIRA. Contía da axuda

Para a colaboración na realización das actividades obxecto deste convenio, o Concello de Santiago de Compostela con cargo ao seu Orzamento para o ano 2026, achegará a COGAMI a

cantidade de QUINCE MIL EUROS (15.000 euros), segundo o artigo 33 das Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2026, e con cargo á aplicación orzamentaria 020 24100 4890001.

CUARTA. Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables, para os efectos previstos neste convenio, aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade/programa subvencionado, resulten estritamente necesarios e realícense no prazo establecido nas bases reguladoras desta subvención. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado polo presente convenio.

Gastos de persoal necesario para a execución das actividades: serán subvencionables as retribucións do persoal destinado para a execución das actividades ou programas subvencionados. Non serán subvencionables os gastos do persoal que non preste servizos para o desenvolvemento da actividade ou programa subvencionado.

Gastos derivados da realización do programa ou actividade subvencionados: elaboración de materiais, gastos de publicidade e propaganda específicos do programa ou actividade, material de oficina (papel, impresos e outro material de oficina).

Outros gastos correntes, que estean xustificados e se consideren necesarios para o desenvolvemento da actividade ou programa subvencionable.

Os gastos de persoal, oficina ou outros gastos correntes non poderán superar, no seu conxunto, o 20% do importe xustificado.

QUINTA. Forma de pagamento

Respecto da forma de pagamento, estarase ao disposto nas anteditas Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2026. Igualmente serán de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

O pago realizarase previa xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que é concedida a axuda, así como da aplicación dos fondos destinados para o efecto. Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actividade subvencionada.

Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento executado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.

A xustificación do cumprimento das finalidades que motivan a sinatura do convenio farase achegando, como data límite o 10 de novembro de 2026, a seguinte documentación:

- Memoria de execución da actividade ou programa obxecto da subvención, que deberá recoller, como mínimo, descrición das actuacións desenvolvidas, valoración do cumprimento dos obxectivos, valoración global da actividade e do seu impacto en relación cos resultados previstos, publicidade e divulgación que se realizou, e número de persoas participantes ou beneficiarias.
- Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido o obxecto do convenio (ANEXO I).

- Relación detallada do conxunto de todas as subvencións ou axudas solicitadas, concedidas ou percibidas doutros axentes para a mesma finalidade, que se acreditará mediante Declaración responsable, de conformidade co ANEXO II.
- Relación detallada das facturas ou documentos xustificativos que se presentan para a xustificación, asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade segundo o ANEXO III, desagregadas por conceptos.
- Facturas orixinais de gasto (correspondentes ao período subvencionable) da totalidade da actividade subvencionada, ou demais documentos de valor probatorio equivalente, xunto coa documentación acreditativa do pago.
- No caso de imputarse á subvención gastos de persoal deberán achegarse: copias dos contratos dos/as traballadores/as destinados especificamente á actividade ou programa, así como as nóminas, seguros sociais e retencións do IRPF, xunto cos xustificantes bancarios de pagamento, e as declaracións responsables correspondentes (ANEXO IV e ANEXO V).
- Certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria, Dirección Xeral de Tributos da CCAA e Tesouraría do Concello de Santiago) e coa Seguridade Social.
- ANEXO VI de xustificación de subvencións, debidamente cumprimentado e asinado.
- Xustificación de ter dado a adecuada publicidade do carácter público do financiamento, mediante a Declaración responsable e soportes documentais correspondentes ao ANEXO VII.

En todo caso, a data límite para a presentación dos xustificantes non poderá exceder do 10 de novembro de 2026, aos efectos do disposto no artigo 70.3 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

En todo caso, as achegas correspondentes á vixencia deste convenio quedan supeditadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente, dando cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de eficiencia e utilización dos recursos públicos.

SEXTA. - Presentación da documentación xustificativa da subvención

As entidades ateranse ás especificacións do establecido no presente convenio para a elaboración e presentación dos soportes documentais xustificativos da subvención, empregando obrigatoriamente os ANEXOS normalizados que se anexan ao convenio, coa data límite establecida para a presentación no Rexistro Xeral do Concello, isto é, o 10 de novembro de 2026.

SÉTIMA. Obrigas da entidade beneficiaria

De conformidade coas Bases de Execución do orzamento xeral para o ano 2026, son obrigas das entidades beneficiarias as establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e as explicitadas no R.D 887/2006, do 21 de xullo, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as establecidas nas bases reguladoras das subvencións aprobadas polo Concello ou, no seu caso, no convenio, e en todo caso: cumprir o obxecto do convenio; xustificar o cumprimento dos requisitos, condicións e finalidade; someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro; comunicar a obtención doutras subvencións para a mesma finalidade; acreditar estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social; dispor dos libros contables e rexistros esixidos; conservar os documentos xustificativos; dar a adecuada publicidade do financiamento público; e proceder ao reintegro dos fondos percibidos indebidamente.

OITAVA.- Publicidade e información

As entidades beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 31 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo. Deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo co anagrama do Excmo. Concello de Santiago e a lenda de financiamento público, tanto en soporte físico como, no seu caso, en internet e na documentación xerada.

NOVENA. Protección de datos

As actuacións en materia de tratamento de datos de carácter persoal axustaranse á normativa vixente en materia de protección de datos. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación dos expedientes correspondentes. Decláranse recoñecidos os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, que poderán exercerse mediante escrito dirixido ao Excmo. Concello de Santiago de Compostela, Rúa Presidente Salvador Allende 4 baixo, 15705 Santiago de Compostela.

DÉCIMA. Avaliación e interpretación

Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio créase unha comisión mixta, integrada polas persoas que sexan designadas para o efecto por parte das dúas institucións (persoal técnico da Concellaría de Emprego e da Entidade). Esta comisión velará polo cumprimento dos obxectivos fixados.

DECIMOPRIMEIRA. Causas de resolución

Son causas de resolución do presente convenio, e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de demora correspondentes, dende o momento do seu pagamento, as seguintes: o incumprimento de calquera das cláusulas establecidas; a aplicación total ou parcial dos fondos outorgados para fins distintos dos que motivaron a súa concesión; a falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas; e os demais supostos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DECIMOSEGUNDA. - Incumprimento, reintegros e sancións

O incumprimento das obrigas contidas neste convenio, nas Bases de Execución Orzamentaria do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2026, ou demais normativa aplicable, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes, tramitándose o oportuno procedemento de reintegro conforme ao título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da devandita Lei.

DECIMOTERCEIRA.- Responsabilidade

A organización e materialización das accións obxecto desta subvención será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria. A actuación do Concello de Santiago quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

DECIMOCUARTA.- Inexistencia de relación laboral

O asinamento do convenio non supón relación laboral, contractual nin de ningún tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e o Concello de Santiago, polo que estes/as non poderán esixir responsabilidade ningunha —directa nin subsidiaria— polos actos ou feitos acaecidos no funcionamento do devandito servizo.

DECIMOQUINTA. Carácter do convenio

Este convenio ten carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polas cláusulas establecidas nel, e no non previsto, seralle de aplicación o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e a lexislación de Réxime Local aplicable ao caso.

As resolucións expresas ou presuntas ditadas ao abeiro do presente convenio poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, ou ben recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados nos termos previstos na normativa aplicable.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da interpretación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este convenio por duplicado, no lugar e na data sinalados no encabezamento.

POLO EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO

**POLA CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON
DISCAPACIDADE (COGAMI)**

Dona María Rozas Pérez

D. Anxo Antón Queiruga Vila

ANEXO I. DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE

Nome ou razón social: _____ NIF: _____

Enderezo: _____ Localidade: _____

Tfno./Fax: _____ Correo electrónico: _____

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

Nome e apelidos: _____ NIF: _____

En calidade de: _____

DECLARO que a Entidade/Asociación ten cumprido co obxecto do convenio asinado co Excmo. Concello de Santiago no ano 2026, para o desenvolvemento da Actividade/Programa, de conformidade coas cláusulas contidas no mesmo.

En cumprimento do disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2026 e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2026. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

**ANEXO II. DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS AXUDAS
SOLICITADAS, CONCEDIDAS OU PERCIBIDAS PARA A MESMA FINALIDADE**

DATOS DA ENTIDADE

Nome ou razón social: _____ NIF: _____

Enderezo: _____ Localidade: _____

Tfno./Fax: _____ Correo electrónico: _____

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

Nome e apelidos: _____ NIF: _____

En calidade de: _____

DECLARO que o conxunto das axudas solicitadas, concedidas e/ou percibidas para a mesma finalidade, PROGRAMA/ACTIVIDADE obxecto do convenio de colaboración asinado co Excmo. Concello de Santiago de Compostela, para o ano 2026, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, son os seguintes:

☐ Ningunha outra axuda ou subvención. ☐ Outras axudas ou subvencións.

Concepto da axuda	S/C/P	Importe (€)	%	Administración ou entidade concedente

S(solicitada), C(concedida), P(percibida). Porcentaxe da axuda sobre o custo total. Indíquese o nome da Administración/Entidade pública concedente e data da resolución.

En cumprimento do disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2026 e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2026. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

**ANEXO III. RELACIÓN DE FACTURAS/DOCUMENTOS QUE SE PRESENTAN
PARA A XUSTIFICACIÓN**

DATOS DA ENTIDADE

Nome ou razón social: _____ NIF: _____

Enderezo: _____ Localidade: _____

Tfno./Fax: _____ Correo electrónico: _____

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

Nome e apelidos: _____ NIF: _____

En calidade de: _____

DECLARO que a relación de FACTURAS que se presentan para a xustificación do convenio asinado co Excmo. Concello de Santiago para a realización da actividade/programa do ano 2026 son as seguintes:

Concepto	Nº factura	Data expedición	Obrigado a expedir / NIF	Data pagamento	Forma pago	Importe (€)

DECLARO que a relación de NÓMINAS/RETRIBUCIÓN DE TRABALLADORES/AS destinados a desenvolver a actividade/programa do ano 2026 son as seguintes:

Data nómina	Nome traballador/a	Importe nómina	Seguridade Social	Data pago	Forma pago

En cumprimento do disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2026 e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2026. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

**ANEXO IV. DECLARACIÓN RESPONSABLE RESPECTO DAS FACTURAS
PAGADAS Ó CONTADO**

DATOS DA ENTIDADE

Nome ou razón social: _____ NIF: _____

Enderezo: _____ Localidade: _____

Tfno./Fax: _____ Correo electrónico: _____

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

Nome e apelidos: _____ NIF: _____

En calidade de: _____

DECLARO que na relación de FACTURAS pagadas ó contado que se presentan para a xustificación do convenio asinado co Excmo. Concello de Santiago para a realización da actividade/programa do ano 2026 son as seguintes:

Concepto	Nº factura	Data expedición	Obrigado a expedir / NIF	Data pagamento	Importe (€)

DECLARO que ditas facturas foron pagadas integramente con cargo aos fondos da Asociación/Entidade.

Así mesmo, DECLARO coñecer que non se poderán presentar facturas pagadas nesta modalidade con importe superior ao límite establecido pola cláusula cuarta do convenio, que se establece en 600 € (seiscentos euros) en total, non podendo fraccionar o importe das facturas co obxecto de dar cumprimento á Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e presupostaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude.

En cumprimento do disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2026 e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2026. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

ANEXO V. DECLARACIÓN RESPONSABLE (PERSOAL DESTINADO Á ACTIVIDADE)

DATOS DA ENTIDADE

Nome ou razón social: _____ NIF: _____

Enderezo: _____ Localidade: _____

Tfno./Fax: _____ Correo electrónico: _____

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

Nome e apelidos: _____ NIF: _____

En calidade de: _____

DNI	Nome / apelidos traballador/a	Categoría profesional	Xornada laboral

En cumprimento do disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2026 e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2026. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

ANEXO VI. XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS

D./Dña. _____, como representante legal de:

Entidade beneficiaria: _____ CIF/NIF: _____

CERTIFICO:

1º.- Que o programa para o que se concedeu a subvención, e que a continuación se detalla, foi realizado na súa totalidade:

Actividade ou programa: _____

Datas de realización: _____

Importe da actividade: _____ Importe da subvención concedida:

2º.- Que os gastos xerados na actividade concreta do programa/s subvencionados son os seguintes:

Nº	Concepto	Importe	Data de pago

IMPORTE TOTAL DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA = _____

3º.- Que as subvencións solicitadas ou concedidas por outras Entidades para a realización da actividade subvencionada ascenden a un total de _____ €, co seguinte detalle:

Entidade concedente	Importe

4º.- Que os ingresos xerados pola realización da actividade subvencionada ascenden a un total de _____ €, co seguinte detalle:

Concepto	Importe

5º.- Que os restantes gastos xerados pola actividade subvencionada foron financiados con cargo a: _____

6º.- Da liquidación de ingresos e gastos derívase que, respecto do programa ou actividade realizada, se cumpre o disposto no artigo 31.1 da LXS, non superando o importe dos ingresos e subvencións concedidas o importe total dos gastos devengados, sendo destinadas todas as achegas á actividade subvencionada.

O que asino en _____, na data de _____

Sinatura:

**ANEXO VII. DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE PUBLICIDADE RESPECTO
DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO DO PROGRAMA/ACTIVIDADE**

DATOS DA ENTIDADE

Nome ou razón social: _____ NIF: _____

Enderezo: _____ Localidade: _____

Tfno./Fax: _____ Correo electrónico: _____

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

Nome e apelidos: _____ NIF: _____

En calidade de: _____

DECLARO ter dado a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do programa/actividade subvencionada obxecto do convenio, asinado co Excmo. Concello de Santiago no ano 2026, de conformidade co establecido na cláusula oitava do convenio, en cumprimento do disposto na normativa reguladora das subvencións.

A tal efecto, achégase como soportes documentais (carteis, folletos, enquisas, capturas de pantalla de páxinas web, fotografías ou outra documentación elaborada ad hoc) xustificativos os seguintes:

En cumprimento do disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2026 e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2026. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA